

## **APAGADE A WIFI!**

A miña avoa dálle moitísima rabia que vaíamos visitala e que ninguén levante a cabeza do móbil. Ou oír os sons das mensaxes que saen a cada pouco das chaquetas. Non vou dicir que miña avoa sexa unha antiga e que roñe por roñar. Ela é unha muller que tamén está ao día. Ela dío porque ten a razón.

O domingo estabamos á mesa na hora do xantar, cada un co seu aparatiño. Aquilo non tiña traza: miña irmá con risiñas parvas (a saber con quen whatsappeaba), meu pai con cara de abraio probando unha aplicación para saír de camiñada e miña nai dálle que dálle a eses adiantos que xura que lle fan a vida máis fácil.

Eu tamén estaba co meu xogo na consola. Só me deixan abrilo na fin de semana. Que lle vou facer se me cadra na casa da avoa! Non?

De súpeto, escoitamos:

- Está bo o gato? Eu creo que con esta prebe\* que lle puxen, está ben bo!

Miña avoa é tremenda. Nun segundo conseguiu a atención dos catro. E entón sinalounos o cartel, moi traballado, que tiña pegado na parede e no que non reparamos:

AQUÍ NON HAI WIFI MENTRES LUÍSA NON O DIGA
--

E botounos unha boa charla sobre a wifi, a comunicación, a soidade ... e chegounos a todos moi dentro. Así que acordamos estar máis ao que hai que estar cando se está en familia.

Ao acabar de xantar, falaron de ir apañar unhas castañas ao monte para asar na merenda. Aínda que era unha boa idea, eu estaba algo arrefriado, así que quedei na casa. Boteime no sofá e adormecín.

Foi entón cando soñei que estaba xogando e que o gato, sentado no sofá coma unha persoa, me dicía se lle botaba unha partida en liña. Retábame dicindo que era unha máquina invencible.

Eu aceptei, pero xogaba e mirábao desconfiado. Non me daba tranquilidade velo coas unllas de fóra dándolles aos botonciños, e pasándoas pola pantalla, ata facía o ruído ese que fai o trapo contra

os cristais cando están superlimpos. El tamén me miraba a min de esguello\*, eu ben o notaba.

E protestaba seguido: "Breixo, para onde vas?", "Breixo, éntalle aí", "A ver, neno, tes chourizos en vez de dedos ou que?".

A verdade é que, pouco a pouco, eu estaba gañando algo de medo, porque o gato comezaba a poñerse agresivo, non lle gustaba o meu xogo. Calquera lle facía fronte; víase moi seguro e facíame xogar unha partida tras outra, aínda que eu xa non quería xogar máis.

Cando os demais chegaron das castañas, toparon o gato que estaba miañando\* por riba de min e eu espernexando\* e berrando:

- Apagade a wifi! Apagade a wifi!

*LUZ CURES*

\*prebe: salsa

\*esguello: de medio lado

\*miañando: maullando; miau, miau

\*espernexando: movendo as pernas sen parar

1. Quen conta a historia?

2. Que día é?

3. Onde están todos?

4. Quen di "está bo o gato?"?

Por que o di?

5. Que lles mostrou a avoa na parede?  
que?

Por

6. Que fixo a familia despois de xantar?

7. Que lle dicía o gato a Breixo? Por que?

8. Por que Breixo pide que lle apaguen a wifi?

9. Debuxa ti o cartel que fixo a avoa de Breixo. Decóralo ao teu gusto.